



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

| | |
|----------------------|----------------------------------|
| Alcalde-Presidente | D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO |
| Tenentes de Alcalde: | D. MANUEL COSTA CARNEIRO |
| | D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ |
| Vogais: | D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO |
| | D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ |
| SECRETARIO: | D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO |

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/09/2022).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202200000000088 de dona Jesusa Carbia Alonso. (Expediente núm. 2022/U022/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en substitución da tella e encintado de fachadas – ámbito catalogado A35, en Ribeira, 9 – Sarandón (San Pedro) (expediente núm.: 2022/U022/000005), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001300700NH43C.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 03/10/2022 (Expediente: 1352/22), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun ámbito catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e dun ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación achegada e tendo en conta as condicións impostas na autorización emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que se achegará coa notificación do acordo de concesión da licenza.



3º.- Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e catro euros con noventa e tres céntimos (#154,93#)

2.2.- Instancia núm. 202200000000152 de Tallón Lobato, S.C. (Expediente núm. 2022/U022/0000007)

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 712/22, de data 14 de outubro:

“Dáse conta da citada instancia na que o interesado representado por Manuel Tallón Cutrín con NIF 33269950-J, solicita licenza para obras de AMPLIACIÓN E CUBRICIÓN DE FOSA DE XURRO EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA DE VACÚN en Francés, 3 – Vilanova (San Pedro), neste termo municipal (expediente núm.: 2022/U022/000007) en solo cualificado como Rústico de especial protección agrícola. R-2 e solo rústico de especial protección de augas. R-5, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan M. Hermida Vázquez, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50402092.

Dáse conta tamén da autorización outorgada por Augas de Galicia, DH.W15.84820, para as actuacións definidas no proxecto de “ampliación de fosa de xurro e cubrición da actual en explotación gandeira existente de gando vacún leiteiro” en Francés – Vilanova (San Pedro), na zona de policía do rego de Tomonde (IDCURSO 100378576).

En virtude das facultades que me outorga o artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Á vista do contido do expediente, conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Juan M. Hermida Vázquez, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola de data 15/02/2022 e visado 20220146. Deberá darse cumprimento ao contido da autorización emitida por Augas de Galicia que se xunta coa notificación da presente resolución.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos setenta e nove euros con noventa e oito céntimos (#579,98#)

SEGUNDO.- Notificar o contido desta resolución aos interesados no expediente e dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a citada Resolución.



2.3.- Comunicación de obra de dona Sandra Souto Louzao. (Expediente número 2022/U026/000018)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Sandra Souto Louzao para reforma interior de planta baixa de vivenda nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 11/10/2022, Expediente: 1496/22.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000700800NH43F, emprazada en Socastro, 4 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como urbanizable non delimitado. SUND-6, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada, con número de visado 2202001 e data 06/04/2022.

Previo ao inicio da obra deberán achegar declaración responsable de renuncia ao incremento de valor expropiatorio, nos termos do establecido no artigo 90 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setecentos catorce euros (#714,00#).

2.4.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2022/U026/000062)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de don José Vicente Moreno Roldán en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para melloras en estación base de telefonía móbil en Pousada de Arriba (Vedra), nos termos da documentación técnica achegada asinada por Miguel Ángel Sancho García, en calidade de Enxeñeiro de Telecomunicacións, de data 12/08/2022 e número de proxecto 8334163. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

Dáse conta da autorización outorgada pola Deputación Provincial de A Coruña para as actuacións do expediente con data do 06/09/2022. Expediente: 2022000041838.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada e obxecto deste expediente.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.



Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatíbeis coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.5.- Comunicación de obra de don Francisco J. Álvarez Mata. (Expediente número 2022/U026/000065)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por Francisco J. Álvarez Mata para instalación de placas solares fotovoltaicas en cuberta de vivenda unifamiliar nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Víctor Cheda Calvo en calidade de Enxeñeiro Técnico e de data 23/08/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50110263, emprazada en Paradela, 72 – Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. N-2, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e sete euros con oitenta céntimos (#167,80#).

2.6.- Comunicación de obra de don José Luís Canicoba Carrillo. (Expediente número 2022/U026/000066)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Luis Canicoba Carrillo para colocación de cancela de paso, de malla galvanizada, con respecto da vía municipal e colocación de portal de malla e piares metálicos en interior da parcela.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000600900NH43D, emprazada en Feal, 3 - San Mamede de Ribadulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.7.- Comunicación de obra de ROSACEL, S.L. (Expediente número 2022/U026/000072)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Javier Fernández Carro, en representación de ROSACEL SL para instalación fotovoltaica de conexión en rede interior para autoconsumo individual con excedentes acollida a compensación nos termos da documentación técnica achegada asinada por Javier Fernández Carro.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090A002001370000SP, emprazada en Laraño, 39 – Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agrícola. R-2 , e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento dous euros con corenta e cinco céntimos (#102,45#).

2.8.- Comunicación de obra de dona Matilde Sinde Pereiro. (Expediente número 2022/U026/000076)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Matilde Sinde Pereiro para substitución de catro fiestras en vivenda unifamiliar, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000801100NH43F, emprazada en A Famelga, 5 - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación de obra de dona Marta Tojo Alonso. (Expediente número 2022/U026/000075)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Marta Tojo Alonso para cambio de fiestras en vivenda unifamiliar.



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001100500NH44A, emprazada en Paradela, 52 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento sesenta e cinco euros con dezaioito céntimos (#165,18#).

2.10.- Instancia núm. 202299900000833 de don Fernando Nuevo Rubiera. (Expediente número 2022/U007/000008)

Dáse conta da citada instancia na que don Fernando Nuevo Rubiera expón que con data do 02/06/2005 a Xunta de Goberno concedeu licenza para construción de vivenda unifamiliar en Laraño, 37 - Sales (San Xián), referencia catastral da parcela 000504700NH33H0001LX, (licenza número 118/2005), nos termos da documentación técnica do expediente, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza de primeira ocupación (expdte.: 2022/U007/000008).

A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.11.- Comunicación de obra de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expediente número 2022/U026/000074)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Roger Fernández Girona, en representación de Solar Profit Energy Services, S.L, para instalación fotovoltaica para autoconsumo de 4,18 kwp sobre cuberta de vivenda unifamiliar nos termos da documentación técnica achegada asinada por Roger Fernández Girona en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial e de data 06/10/2022.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001606500NH44A, emprazada en Quintáns, 38 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta euros con noventa e nove céntimos (#150,99#).



3º.- Devolución de avais.

3.1.- Escrito núm. 202299900000874 de Alquigal Alquileres Galicia, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Álvaro Presedo Fraguio, en representación de Alquigal Alquileres Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución do contrato de subministración dun pisón de segunda man.

O citado ben estaba incluído nos bens incluídos no Proxecto de Conservación Medioambiental 2021, a levar a cabo conxuntamente co concello de Boqueixón (Fondo de Compensación Ambiental 2021) (Expediente núm. 2021/C005/000003: Lote 1)

Rematado o prazo de garantía e visto o informe favorable do responsable do contrato, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a devolución do aval por importe 550,00 euros.

4º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras da convocatoria de axudas para o estudo do concello de Vedra. Curso 2022/2023 (Expediente núm. 2022/A002/000002)

Dáse conta das bases reguladoras da convocatoria de axudas ao estudo do Concello de Vedra para o curso escolar 2022/2023, destinadas a favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias deste concello.

Establécense dúas modalidades:

- 1.- Axudas ao estudo: destinada á adquisición de material escolar, de acordo coas especificacións que figuran no Anexo V das bases.
- 2.- Axudas ao transporte: destinada ao uso do transporte para acudir ao centro de ensino correspondente.

De conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en concordancia co artigo 56 do Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nos artigos 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Proponse:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria, mediante tramitación anticipada, e as bases específicas para a concesión de axudas para o estudo do concello de Vedra para o curso escolar 2022/2023, cuxo texto íntegro figura como anexo I.

Segundo.- Habilitar as aplicacións orzamentarias correspondentes e importes para o exercicio 2023:

| Exercicio | Aplicación orzamentaria | Importe |
|-----------|-------------------------|-----------------|
| 2023 | 231.48000 | 10.000,00 euros |

Terceiro.- Rexistrar a información a incluír na Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, que poñerá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial da Provincia (BOP) para a súa publicación.

8º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.



Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de setembro:

| DECRETO | DATA | ASUNTO |
|---------|------------|---|
| 590 | 01/09/2022 | Concesión praza vacante na EIM, curso 22/23 a TVG |
| 591 | 01/09/2022 | Concesión de axuda de emerxencia social a LGC |
| 592 | 01/09/2022 | Prórroga contrato Aida Aldrey para reforzo ludoteca |
| 593 | 01/09/2022 | Expediente limpeza de xestión de biomasa en Pazos (Santa Cruz de Ribadulla) |
| 594 | 01/09/2022 | Autorización acometida á rede de abastecemento de vivenda sita en Reboredo nº 5 –Ponte Ulla |
| 595 | 01/09/2022 | Aprobación gastos proceso selectivo para a contratación dun xardineiro/forestal (vacante por renuncia) do Aprol Rural 2022 |
| 596 | 01/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 597 | 02/09/2022 | Aprobación transferencia ao Concello de Boqueixón por importe do 50% do saldo dispoñible na conta bancaria cancelada a titularidade da Mancomunidade Val do Ulla |
| 598 | 02/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 599 | 02/09/2020 | Adxudicación contrato de mantemento das fotocopiadoras do concello (4) |
| 600 | 02/09/2022 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria de servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación |
| 601 | 02/09/2022 | Expediente modificación de créditos 11/22 (xeración), vinculado á subvención concedida en calidade de socio para o proxecto europeo COSME denominado “eladHousSE.rur” |
| 602 | 02/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 603 | 07/09/2022 | Adxudicación de obra de <i>Mellora de camiños en Ribeira, Silva de Abaixo e San Mamede (Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022/2023 a Martínez Montes e Hijos, S.L</i> |
| 604 | 07/09/2022 | Concesión de axudas de emerxencia social ÁVMS |
| 605 | 07/09/2022 | Aprobación modificado de proxecto de Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros (POS +Adicional 2/2022) |
| 606 | 08/09/2022 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |
| 607 | 08/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 608 | 08/09/2022 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |
| 609 | 08/09/2022 | Autorización celebración da XXIX Carreira de Gundían |
| 610 | 12/09/2022 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria de ludoteca (Programa Conxuga) correspondente á mensualidade de setembro |
| 611 | 12/09/2022 | Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria de servizo de madrugadores (Programa Conxuga) correspondente á mensualidade de setembro |
| 612 | 12/09/2022 | Expediente limpeza de parcelas en Laraño –San Xián de Sales |
| 613 | 12/09/2022 | Expediente limpeza de parcela con Ref. Catastral 001001300NH43B0001 AI (Reiteración) |
| 614 | 12/09/2022 | Concesión de axuda de emerxencia social a USC |
| 615 | 12/09/2022 | Recoñecemento pagamento axuda de emerxencia social concedida a MSM |
| 616 | 12/09/2022 | Pagamento alimentos bonos de alimentos (XVI) |
| 617 | 12/09/2022 | Recoñecemento pagamento axuda de emerxencia social |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



| | | |
|-----|------------|--|
| | | concedida a RLCG |
| 618 | 12/09/2022 | Aprobación conta xustificativa de subvención nominativa concedida á Sociedade de Caza Vedra e orde de pagamento |
| 619 | 12/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 620 | 13/09/2022 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación F.2022.30, por importe de 231.854,76 euros |
| 621 | 13/09/2022 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Drogueria – Ferretería El Sol, S.L incluídas na relación de facturas F.2022.29, por importe de 13.654,21 euros |
| 622 | 13/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 623 | 13/09/2022 | Modificación factura de abastecemento de auga por rectificación de m ³ consumidos (padrón fiscal 2T) |
| 624 | 13/09/2022 | Autorización Dúatlon de Vedra |
| 625 | 15/09/2022 | Aprobación reintegro importe non xustificado en relación coa subvención para a contratación temporal polas entidades locais desempregadas a través do Programa Aprod Rural 2017 |
| 626 | 16/09/2022 | Autorización uso campo municipal de San Mamede ao Praña Sporting Club para partidos de liga de categoría infantil e algúns de categoría sénior feminina |
| 627 | 16/09/2022 | Autorización uso instalacións deportivas tempada 2022/2023 ao Club Olímpico de Vedra |
| 628 | 16/09/2022 | Autorización uso pista polideportiva do Pavillón de Vedra ao Basket Ribadulla, tempada 2022/2023 |
| 629 | 16/09/2022 | Aprobación certificación núm. 2 da obra de <i>Sustitución de cubierta y colocación de aislamiento mediante fachada ventilada en la Guardería Municipal</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Obras Gallaccia, S.L, por importe de 126.538,64 euros |
| 630 | 16/09/2022 | Aprobación certificación núm. 6 da obra de <i>Sustitución de envolvente térmica en el Pabellón Polideportivo de Vedra</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Covisan Norte, S.L, por importe de 21.898,25 euros |
| 631 | 16/09/2022 | Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Cultural San Campio prevista no orzamento do 2022 |
| 632 | 16/09/2022 | Denegando a suspensión temporal ou asistencia non constante á EIM curso 22/23 a MBV |
| 633 | 20/09/2022 | Cumprimento trienios persoal municipal |
| 634 | 20/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 635 | 21/09/2022 | Aprobación solicitude de prórroga Axente de Emprego e Desenvolvemento Local 2022 |
| 636 | 21/09/2022 | Aprobación solicitude amortización anticipada de préstamo coa entidade Banco Sabadell, S.A por un importe de 12.370,26 euros (POS +2022. Préstamo) |
| 637 | 21/09/2022 | Modificación créditos 12/2022 (xeración), vinculada á subvención concedida no programa de axudas ao sector de orquestras e verbenas |
| 638 | 22/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 639 | 22/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 640 | 22/09/2022 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes |
| 641 | 26/09/2022 | Aprobación autoliquidación do canon da auga do 2º |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



| | | |
|-----|------------|---|
| | | cuadrimestre de 2022 |
| 642 | 26/09/2022 | Alta servizo de comedor na EIM, curso 2022/2023 de DCR |
| 643 | 26/09/2022 | Alta servizo de comedor na EIM, curso 2022/2023 de RSA |
| 644 | 26/09/2022 | Alta servizo de comedor na EIM, curso 2022/2023 de IVV |
| 645 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a XTR |
| 646 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a ATR |
| 647 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a AGV |
| 648 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a EEG |
| 649 | 26/09/2022 | Aprobación cancelación de aval constituído en concepto de garantía para a percepción efectiva de anticipo de subvención do IDAE. |
| 650 | 26/09/2022 | Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de setembro |
| 651 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a MEG |
| 652 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a ABS |
| 653 | 26/09/2022 | Cesión de “Contrato de servizos energéticos y mantenimiento con garantía total de las instalaciones de alumbrado público exterior” (Exp. 2018/C005/000001) a Ferrovial Construcción, S.A (Art. 98 da Li 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). |
| 654 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a RRDLF |
| 655 | 26/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a RCV |
| 656 | 26/09/2022 | Alta SAF-Libre concorrencia de CMP |
| 657 | 26/09/2022 | Altas no padrón municipal de habitantes |
| 658 | 27/09/2022 | Prórroga contratación auxiliar administrativa como funcionaria interina por acumulación de tarefas |
| 659 | 27/09/2022 | Aprobación modificación suxeito pasivo a título de contribuínte da taxa de lixo e residuos sólidos asimilables |
| 660 | 27/09/2022 | Expediente de modificación de créditos 13/22 (xeración), vinculada á achega concedida para o financiamento de gastos correntes POS + Adicional 2/2022 |
| 661 | 28/09/2022 | Concesión tarxeta de armas para carabina Hatsan 95 a F.G.G. |
| 662 | 28/09/2022 | Concesión licenza administrativa de posesión de animais perigosos a MQB |
| 663 | 28/09/2022 | Adxudicación praza Programa Conxuga. Curso 2022/2023 a CBS |
| 664 | 28/09/2022 | Solicitud de acceso ao Fondo de cooperación para o apoio e financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes para o investimento de melloras de accesibilidade e acondicionamento interior da casa do concello |
| 665 | 28/09/2022 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F.2022.31 por importe de 40.505,15 euros |



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



| | | |
|-----|------------|---|
| 666 | 28/09/2022 | Aprobación xustificantes de gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2022.32 por importe de 3.153,81 euros |
| 667 | 29/09/2022 | Adxudicación contrato menor de Elaboración informe de seguimento do Plan de Acción para o Clima e Enerxía (PACES) do Concello de Vedra (Exp. 2022/C002/000017) |
| 668 | 29/09/2022 | Anulación factura por abastecemento de auga do 2º T. a nome da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla e aprobación de nova factura |
| 669 | 29/09/2022 | Aprobación factura núm. 2 000071 de Murat Construcción y Mantenimientos, S.L pola realización do investimento de Adecuación da área recreativa Agronovo (Exp. 2022/C002/00015), por importe de 12.765,50 euros |
| 670 | 29/09/2022 | Expediente de limpeza de fincas en Manteles de Arriba –Vedra |
| 671 | 29/09/2022 | Autorización conexión á rede de sumidoiros da vivenda núm. 13 de Romarís –San Xián de Sales |
| 672 | 29/09/2022 | Aprobación devolución á Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla do ingreso en exceso da taxa polo abastecemento de auga correspondente ao 2º trimestre de 2022 |
| 673 | 29/09/2022 | Aprobación conta xustificativa do investimento de Adecuación área recreativa de Agronovo |
| 674 | 30/09/2022 | Aprobación certificación núm. 7 da obra de <i>Sustitución de envolvente térmica en el Pabellón Polideportivo de Vedra</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Covisan Norte, S.L, por importe de 20.682,47 euros |
| 675 | 30/09/2022 | Aprobación convocatoria e bases específicas para a concesión de subvencións para a contratación de orquestras e o apoio ás verbenas, festas patronais e populares levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra |
| 676 | 30/09/2022 | Aprobación certificación núm. 3 da obra de <i>Sustitución de cubierta y colocación de aislamiento mediante fachada ventilada en la Guardería Municipal</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria Obras Gallaecia, S.L, por importe de 30.347,57 euros |

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos.



ANEXO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ESTUDO DO CONCELLO DE VEDRA CURSO ESCOLAR 2022/2023

Primeira. Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública para a concesión de bolsas de estudos destinadas a favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias do Concello de Vedra.

As bolsas de estudos teñen dúas modalidades:

- 1.- Axuda ao ensino: Destinada á adquisición de material escolar. O contido desta axuda especificase no Anexo IV das presentes bases reguladoras.
- 2.- Axuda ao transporte: Destinada ao uso de transporte para acudir ao centro de ensino correspondente.

Segunda. Destinatarios/as e requisitos.

Para ser persoa beneficiaria desta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Cursar estudos nalgún dos seguintes centros de ensino para os que se solicita a axuda:
 - a) PRIMARIA E INFANTIL: todos os centros públicos do concello de Vedra.
 - b) ESO: CPI de Vedra.
 - c) FP: calquera centro público.
 - d) BACHARELATO: calquera centro público.
 - e) UNIVERSITARIOS: calquera universidade pública galega, agás que a titulación que estude non exista no Sistema Universitario Galego.
 - f) ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL-ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES: calquera centro galego.
 - g) O alumnado cuxas necesidades educativas especiais impidan a súa escolarización nun centro ordinario do municipio, poderá solicitar a axuda para a asistencia a un centro de educación especial.
- 2) Que a renda per cápita non supere os límites establecidos na base 6ª da presente convocatoria.
- 3) Estar empadroado/a no concello de Vedra no momento de presentación da solicitude e ser fillo/a dependente economicamente. No caso de que a persoa solicitante sexa menor de 25 anos e desenvolva actividade laboral ou perciba outros ingresos, poderá acceder a esta axuda, a tal efecto computaráselle ditos ingresos ao 50%.
- 4) Cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5) As axudas serán solicitadas polos representantes legais do alumnado: os pais/nais, titores/as e representantes legais. No caso de alumnado de entre 18 e 25 anos poderán facelo tamén as propias persoas beneficiarias.
- 6) Poderán ser persoas beneficiarias da axuda de transporte os estudantes que non contén con transporte gratuíto aos seus centros de ensino e os que non reúnen as condicións necesarias para ser bonificados pola tarxeta de transporte metropolitano nin para ser titulares da tarxeta xente nova para menores de 21 anos. Para poder acceder a este tipo de axuda a persoa interesada deberá declarar responsablemente non reunir as condicións para ser beneficiaria do transporte bonificado e non dispoñer de transporte escolar gratuíto, mediante a sinalización deste extremo e firma na declaración responsable



recollida no Anexo II. O alumnado que pode acceder á axuda ao transporte deberá cursar algunha das seguintes ensinanzas:

- a) Formación Profesional.
- b) Bacharelato.
- c) Estudos universitarios.
- d) Ensinanzas de réxime especial.

Terceira. Solicitudes e documentación necesaria.

3.1. As solicitudes para a concesión desta axuda formalizarase no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I e poderá así mesmo obterse nas oficinas xerais (Rexistro) do concello de Vedra ou ben a través da páxina web: www.concellodevedra.gal

3.2. Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

- **Fotocopia do DNI** da persoa solicitante (pai/nai/titor legal/representante legal do menor ou, no caso de alumnado entre 18 e 25 que presenten eles mesmo a solicitude, o seu DNI).
- **Fotocopia do libro de familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- **Fotocopia da declaración da renda correspondente ao último exercicio (DECLARACIÓN DE IRPF DE 2021)** das persoas proxenitoras ou titores/as legais no que se computarán a base imponible xeral e a base imponible do aforro.
No caso de non estar obrigados/as a presentar a declaración do IRPF, fotocopia do certificado de imputacións de IRPF de 2021. Para poder obtelo, a persoa interesada pode acceder ao mesmo a través do seguinte enlace da Axencia Tributaria: <https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/G306.shtml>
Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar solicitarase informe do/da profesional de traballo social do departamento de servizos sociais comunitarios.
Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
Os/as fillos/as de entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos proxenitores aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.
No caso de presentar solicitudes para varios irmáns/ás, non é necesario duplicar documentación.
- **Certificado ou xustificante da matrícula** expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula co selo bancario, de ser o caso.
- **Anexo II: Declaración responsable** de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade social, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e **autorización** ao Concello de Vedra para que realice as comprobacións oportunas durante o proceso. Cando o beneficiario/a sexa menor de idade a declaración será asinada polo representante legal que figure como solicitante.
- **De ser o caso, certificado que acredite a situación de dependencia ou o grao de discapacidade** nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- **De ser o caso, certificado que acredite a situación de desemprego** por un período superior a 6 meses durante o ano 2022 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- **Documentación acreditativa da situación de familia monoparental** ou de ausencia de ambos os dous proxenitores (por exemplo, sentenza de separación, nulidade ou divorcio, libro de familia, certificado de recoñecemento de familia monoparental



emitido pola Administración autonómica, etcétera). Entenderase por familia monoparental á definición que se establece na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarta. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

4.1. A solicitude poderase presentar nalgún dos seguintes lugares:

- a) Sede electrónica do Concello de Vedra:
https://sede.vedra.es/opencms/gl/procedimientosytramites/tramites/Solicitudsubvencion.es_N
- b) Rexistro xeral do Concello de Vedra, de luns a venres, en horario de atención ao público (de 9:00 a 14:00 horas).
- c) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.2. O prazo de presentación de solicitudes será de **20 DÍAS HÁBILES** contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Enténdese por días hábiles todos agás os sábados, domingos e festivos, segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Quinta. Contía das bolsas

5.1. O Concello de Vedra aboará as bolsas ás persoas beneficiarias que reúnan todos os requisitos previstos na base 2ª e presenten a súa solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria xunto coa documentación requirida na base 3ª.

5.2. Os importes máximos das **AXUDAS DE ENSINO**, por alumnado e curso serán os que se reflicten na seguinte táboa:

| CURSO | IMPORTE |
|--|---------|
| Educación Infantil 1º a 6º de Primaria 1º, 2º, 3º e 4º ESO | 200 € |
| Alumnado con necesidades educativas especiais Bacharelato | 250 € |
| Formación Profesional Universidade Ensinanzas de réxime especial | 300 € |

5.3. Os importes das **AXUDAS DE TRANSPORTE**, por alumno e curso determinaranse en función da situación do centro educativo, tal e como se indica na seguinte táboa:

| DISTANCIA | IMPORTE |
|---|---------|
| Centros situados en Santiago de Compostela e nos concellos que forman a área de influencia do transporte metropolitano (*). | 150 € |
| Centros situados fóra da área de influencia do transporte metropolitano | 300 € |



(*) Segundo a normativa reguladora do transporte metropolitano e da tarxeta xente nova, forman parte da área de influencia de Santiago os seguintes concellos (<https://tmg.xunta.gal/area-de-santiago> e <https://www.bus.gal/gl/xente-nova>):

| ZONAS | CONCELLOS |
|--------|-------------------------|
| C-Arz1 | O Pino - Touro |
| C-Bar1 | A Baña - Negreira |
| C-Ord1 | Oroso - Trazo |
| C-Ord3 | Ordes |
| C-San0 | Santiago de Compostela |
| C-San1 | Val do Dubra |
| C-San2 | Ames - Brión |
| C-San3 | Boqueixón - Teo - Vedra |
| C-Sar1 | Rois |
| C-Sar2 | Padrón |
| P-Dez1 | Vila de Cruces |
| P-Tab0 | A Estrada |

Sexta. Valoración das solicitudes.

6.1. Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita e o exercicio fiscal último, isto é, o correspondente ao ano 2021. A renda per cápita anual englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

6.2. O cálculo da renda per cápita anual realizarase da seguinte forma:

1.- Nos supostos de presentación de declaración de IRPF e certificado de imputacións do IRPF, sumaranse os importes correspondentes aos seguintes conceptos:

a) Base imponible xeral.

a) Base imponible do aforro.

2.- No suposto de familias monoparentais, computarase o importe da pensión de alimentos e a dos gastos extraordinarios, multiplicados por doce meses para calcular a contía anual.

2. O resultado obtido de sumar os importes das contías dos puntos anteriores dividirase entre o número de membros da unidade familiar, tendo en conta as seguintes especificacións:

- 1) No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita anual, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
- 2) No caso de ausencia de ambas as dúas persoas proxenitoras, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

6.3. Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a **unidade familiar**:

- 1) As persoas proxenitoras non separadas legalmente e, no seu caso, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor.



- 2) Os/as fillos/as menores de idade, con excepción das persoas emancipadas.
- 3) Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados/as xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- 4) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano.
- 5) Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polas dúas persoas proxenitoras e todos os seus descendentes que convivan con elas e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- 6) No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa de axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo/a cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva coa persoa solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine esta, ou convenio regulador onde conste a custodia do/da menor.

6.4. A valoración das solicitudes presentadas efectuaranse segundo o seguinte cadro de puntuacións:

| Renda per cápita anual | Puntuación |
|-------------------------------|-------------------|
| De 0 € a 4.000 € | 10 |
| De 4.001 € a 5.000 € | 8 |
| De 5.001 € a 6.000 € | 6 |
| De 6.001 € a 7.000 € | 4 |
| De 7.001 € a 8.000 € | 3 |
| De 8.000 € a 9.000 € | 2 |
| De 9.000 a 10.000 € | 1 |

As rendas per cápita anuais superiores a 10.000€ non terán dereito a axuda ao ensino nin a axuda ao transporte.

As solicitudes serán ordenadas de maior a menor puntuación. En caso de igual puntuación, terán prioridade as rendas per cápita máis baixas.

Ademais da capacidades económicas per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

- a) Se algún membro da unidade familiar ten unha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou situación de dependencia valorada SAAD, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
- b) Cando o pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano en curso, incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

Sétima. Importe máximo e crédito orzamentario.

7.1. O importe total para axudas de ensino e transporte prevese en **10.000 euros**, imputados ao crédito do exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 231-48000.

7.2. A concesión das axudas quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Oitava. Do procedemento de concesión das axudas.



8.1. Aquelas persoas que presenten solicitudes que veñan incompletas serán requiridas para que procedan á súa emenda nun prazo de **10 DÍAS HÁBILES**. No suposto de non completar a documentación esixida no prazo indicado, presentándoa nalgún dos lugares establecidos na base 4ª, declararanse desistidas.

8.2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora detallada na base 10ª conforme aos criterios establecidos na base 6ª.

A listaxe provisional de concesión das axudas será publicada no taboleiro de anuncios do Concello (<https://sede.vedra.es/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal (www.concellodevedra.gal).

Na resolución pola que se aprobe a listaxe provisional incluírase a data de apertura dun prazo de **5 DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á publicación da mesma, para formular alegacións e reclamacións oportunas por escrito e presentándoas nalgún dos lugares establecidos na base 4ª.

8.3. Transcorrido o prazo de 5 días hábiles mencionado a comisión avaliadora valorará as alegacións e reclamacións presentadas e emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola intervención municipal.

8.4. A proposta definitiva será sometida á aprobación mediante Resolución de Alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do concello de Vedra e na páxina web municipal.

8.5. O prazo máximo para resolver a concesión das axudas será de 3 meses a contar desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. A falta de notificación no prazo indicado lexitima aos interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.6. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa. Contra a mesma a persoa interesada poderá interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, regulado na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 1 mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

Así mesmo, tamén poderá interpoñer, de acordo coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, recurso contencioso administrativo perante o Xulgado contencioso administrativo, no prazo de 2 meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de 6 meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Novena.-Compatibilidade.

A percepción destas axudas será COMPATIBLE coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

Décima.-Comisión avaliadora.

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

1. Presidente: o Alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue.
2. Secretario: o Secretario-Interventor municipal ou persoa en quen delegue.
3. Tres vogais: sendo un deles obrigatoriamente un profesional técnico do departamento de servizos sociais do concello de Vedra.

Undécima.-Xustificación.

11.1. Concedida a axuda, a documentación xustificativa presentarase no prazo de **10 DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á publicación da resolución definitiva no taboleiro de



anuncios do concello de Vedra e na páxina web municipal, mediante escrito presentado nalgún dos lugares descritos na base 4ª.

11.2. A documentación xustificativa estará composta de:

- 1) Facturas **orixinais ou copia cotexada**, expedidas a nome do pai/nai, titor/a legal do alumno/a ou persoa beneficiaria, ou, no seu caso certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo, que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros. As facturas deberán ter unha data posterior a 1 xuño de 2022 e unha data anterior ao día seguinte ao de publicación da resolución definitiva de concesión das axudas. Non se admitirán facturas que non cumpran estes requisitos.
- 2) **Xustificante de titularidade de conta bancaria** na que se procederá ao pagamento e que deberá coincidir co nome da persoa solicitante.

11.3. Das axudas debidamente xustificadas o órgano instrutor elevará proposta de resolución para a aprobación de recoñecemento de obrigas e a xustificación do pagamento mediante Resolución de Alcaldía.

11.4. A resolución provisional Resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web municipal e nela incluírase a data de apertura dun prazo de **5 DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á publicación da mesma, para formular alegacións e reclamacións oportunas por escrito e presentándoas nalgún dos lugares establecidos na base 4ª.

11.5. Unha vez rematado o prazo disposto no punto anterior á Resolución de Alcaldía resolverá as alegacións e reclamacións. A resolución será publicada no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal. No suposto de que non se presenten alegacións e reclamacións no prazo indicado a resolución provisional da Resolución da Alcaldía entenderase definitiva e procederase ao abono da axuda xustificada.

Disposición adicional:

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira:

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no orzamento do concello de Vedra para o ano correspondente. Se se superase esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan maior puntuación na valoración das solicitudes.

Sen embargo establecerase unha lista de agarda coas que queden fóra por superar ese límite, que se utilizará ata esgotarse o crédito previsto.

Vedra, outubro de 2022.

Asdo: O Alcalde,

Carlos Martínez Carrillo



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O ESTUDO

CONVOCATORIA PÚBLICA COMPLEMENTARIA CURSO 2022/2023

| |
|---|
| DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai/Nai/Titor/Representante legal ou alumno/a entre 18 e 25 anos) |
| APELIDOS E NOME: |
| NIF: |
| ENDEREZO: |
| TELÉFONO: |
| DATOS DO/A ALUMNO/A |
| APELIDOS E NOME: |
| CENTRO DE ESTUDOS: |
| CURSO ESCOLAR: |
| TIPO DE AXUDA SOLICITADA: |
| <input type="checkbox"/> Axuda ao ensino |
| <input type="checkbox"/> Axuda ao transporte |

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA (marque con x):

- Fotocopia do DNI do/a solicitante (pai/nai/titor legal/representante legal do menor ou, en caso de alumnos/as entre 18 e 25 que presenten eles mesmo a solicitude, o seu DNI).
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao último exercicio (IRPF 2021) ou certificado de imputacións de IRPF de 2021, para aquelas persoas que non estean obrigadas a presentar a declaración.
- Certificado ou xustificante da matrícula expedido polo centro educativo ou resguardo de ter pagada a matrícula co selo bancario, de ser o caso.
- Anexo II: Declaración responsable.
- Certificado que acredite a situación de dependencia ou o grao de discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2022 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS:

Mediante a firma da presente solicitude autoriza ao Concello de Vedra a utilizar o nome e apelidos das persoas solicitantes para a publicación das listaxes provisional e definitiva, así como a publicación das mesmas no taboleiro de anuncios do Concello de Vedra e na páxina web <https://www.concellodevedra.es/>

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Vedra.

Vedra, a _____ de _____ de 2022.

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____, con NIF/pasaporte
_____, pai, nai, titor/a do/a,dos/das alumno/a,alumnos/as, alumnos solicitantes de
18 a 25 anos _____,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
2. Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
3. Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
4. **Só para solicitantes de axuda de transporte (Marcar cun X)**
 Non ter dereito a ser beneficiario/a do transporte bonificado mediante tarxeta metropolitana ou tarxeta Xente Nova e non dispoñer de transporte escolar gratuíto.

AUTORIZO:

Ao concello de Vedra para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2022/2023.

Vedra, a ____ de _____ de 2022.

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



ANEXO III

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS AXUDAS PARA O ESTUDO DO CONCELLO DE VEDRA CURSO ESCOLAR 2022/2023

D./D.^a _____, con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a,dos/das alumno/a,alumnos/as, alumnos solicitantes de 18 a 25 anos _____,

EXPÓN:

Primeiro- Que publicada a resolución definitiva de concesión das axudas ao ensino e transporte do Concello de Vedra para o curso escolar 2022/2023, consto na mesma como beneficiado/a das seguintes tipoloxías de axudas (marcar cun x):

- Axuda ao ensino
- Axuda ao transporte

Segundo- Que, dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación da citada resolución definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Vedra e na súa páxina web municipal, procedo a presentar a documentación xustificativa para o pago da axuda (marcar cun x):

- Facturas orixinais ou copia cotexada, expedidas a nome do pai/nai, titor/a legal do alumno/a ou persoa beneficiaria, ou, no seu caso certificado selado do gasto en material expedido polo centro educativo, que acrediten o gasto realizado en material escolar ou libros.
- Certificado de titularidade de conta bancaria na que se procederá ao pagamento, que consta ao meu nome.

SOLICITO:

Que se teña por presentada esta instancia xunto coa documentación que a acompaña e se continúe co procedemento de pago da axuda concedida.

Vedra, a ____ de _____ de 2022.

Asdo: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



ANEXO IV

CONTIDO ESPECÍFICO DA AXUDA AO ESTUDO

A AXUDA AO ESTUDO estará destinada á adquisición de material escolar. Terá esta consideración a compra dos seguintes bens:

1. Libros de texto.
2. Libros de lectura obrigatoria.
3. Material de papelería (por exemplo: lapis, bolígrafos, rotuladores, cores, paquetes de folios, mochilas, estoxos, afiadores, gomas de borrar, notas adhesivas, colas, tesoiras, plastilinas, cadernos, axendas, calculadoras, compases, regras, escuadras e cartabóns, marquetería e outros de similar categoría).
4. Material reprográfico.
5. Material electrónico: ordenadores, tabletas e outros de categoría similar, sempre e cando sexan precisas e necesarias para o desenvolvemento dos estudos correspondentes, segundo informe do centro escolar.
6. Outro material escolar necesario para o desenvolvemento dos estudos correspondentes, xustificado pola especialidade destes.